

Crónica pseudobiográfica dun lorchante chamado Iluso.

A José Peleteiro Bandín
E a Juan Álvarez Renda

Eu, Toñín do Muxo, un neno metade de aldea, metade de vila, con 11 anos, e grazas a unha daquelas becas do tardofranquismo, viñen estudar ó INEM (Instituto Nacional de Enseñanza Media) de Lugo aló polo curso 1970-71. Traía comigo unha alforxa chea de timidez e de complexos, unha feble saúde e unha paixón: o fútbol... Inciso: creo que as *chavalas* xa me gustaban ben tamén. E digo isto porque os meus pais querían que viñese para o Seminario, coma case todos os meus veciños; pero, daquela, eu pensaba que, se entrabas no seminario, saías cura; e eu quería chegar a ter unha moza rubia de ollos azuis... e casar... Sempre mo acorda Romero, un compañeiro da primeira pensión na que parei. O caso é que, xa de neno, era teimudo abondo e dei conquistado os meus pais. E, na pensión da familia Quiñones, á altura dun coñecido supermercado que hai na rúa Ourense actualmente, tamén paraba outro veciño: Quilí, ou Sanchís, que ós dous nomes respondía. Como case non había tráfico, porque a rúa Ourense Prolongación, como se chamaba naquel tempo, era cega, de terra, e remataba nun noiro ou frontón, vaia partidazos botabamos alí. Sanchís, ou Quilí, que xa era un mozo, xogaba –e moi ben, por certo-, na Comercial, equipo punteiro por aquel entón no ámbito do fútbol afeccionado de Lugo. E levábame, xeneroso, canda el ós partidos, que acontecían no Polvorín, que, na maior parte do ano, era máis unha inmensa charqueira rectangular ca un campo de fútbol. Canto gozaba eu daqueles partidos! E, mal vestido, e mal calzado, canto frío pasaba nos invernos naquela inhóspita grada... daquela, que eu padecía de frieiras. Aínda case lembro a aliñación da Comercial... Ribeira (despois acabou sendo meu primo político), Sanchís, Pando (tristemente falecido en accidente de tráfico), Joli, Nando... Un equipazo! Lembro que no Nadal me regalaran os Reis Magos de Oriente un balón *curtis*... De volta das vacacións, tróuxeno para Lugo. Boa a fixen... O primeiro día que baixamos xogar á rúa, Sanchís meteulle unha lorchá e o esférico, case de estrea, sucumbiu diante da coitelada asasina dun cristal que había no pico dun balado feito de bloques e que pechaba un dos solares baleiros que aínda quedaban sen edificar. Canto chorei por aquel balón, creo que foi o primeiro e último agasallo que me fixeron os Reis Magos de Oriente... Quen me había dicir que, cos anos, eu tamén había xogar no Polvorín vestindo a camisola verde e branca do Iris de Magoi! ... Mais... teño que confesarvos, sen demora, un segredo (non ol corrades por aí): en realidade, eu non quería xogar no Iris de Magoi... Nin na Comercial. Nin, sequera, no Lugo! Que va! Eu quería xogar... no Real Madrid... García Remón, Miguel Ángel, Rubiñán, De Felipe, Sanchís, Amancio, Pirri, Zoco, Benito, Breitner, Netzer, Del Bosque, Santillana...

En Navia tardou moito en verse a televisión, e a radio escoitábase moi mal. Había que subir ver os partidos a Folgueiras de Aigas ou a Vilaverde, e organizábanse excursións a tal fin; pero eu era un neno...

Ora ben, antes de chegar ó Iris de Magoi, pasaron algunhas cousas... No campo das Cagallas (hoxe rúa Conde) e en Río Sil, que tamén era unha rúa cega por aquel entón, onde vivía o meu compañeiro e bo amigo Julio Pedreira, comecei a miña carreira de aspirante a futbolista; porque en Navia xogabamos ó fútbol, pero non había equipo.

Se mal non recordo, foi no ano 1972, da man de Evangelino Otero, Lino, co tempo recoñecido piloto de Rallys e daquela compañeiro de aula na extensión do Masculino que habilitaran no que fora o edificio da antiga Maestría Industrial, na rúa Montevideo, cheguei ó Sagrado Corazón infantil, adestrado naquel momento por Luís Del Árbol; ben anos despois, compañeiro de cantos na Coral do Hospital Xeral baixo a batuta de Fernando Gómez Jácome. Adestrabamos, sorteando varios pinos que nel había, nun patio onde hoxe se atopan as instalacións do CENTRAD (Centro de Artesanía e Deseño); patio cativo, de grava, e sementado de cristais

rotos, pois daquela os edificios que rodeaban o tal patio estaban abandonados. Sendo, como era, un neno da aldea que soñaba con xogar no Real Madrid e que xogaba ó fútbol cun puñado de nenos coma min que non coñecía de nada, á parte do referido Lino; ancorado por unha timidez patolóxica, pasei boa parte da liga quentando o banco e sumido no máis ingrato anonimato. Entón... un día, no campo do Parga, onde os balóns que caían ó río había que recuperalos cunha rede pendurada dun pau longo, e algúns perdíanse río abaixo sen remedio, ó adestrador deulle por sacarme de titular; non lembro ben por que, sería por pura necesidade, supoño. O caso é que pasou o partido, creio que sorprendido, animándome e chufándome: “Bien, Núñez; fuerza, Núñez, así se entra, Núñez...!” Vin o ceo aquel día e cavilei para min que igual me facía coa titularidade... Ai, xa... Unha inoportuna apendicite, que rematou en peritonite aguda, cruzouse no camiño e aló van as miñas ilusións polo quirófano abaixo... O meu gozo nun pozo; botei meses sen poder xogar ó fútbol... Rebuscando no fondo da memoria, rescato estes nomes: Lino, Moreno, Casal, Cantalapiedra, Juan Carlos...

Despois das vacacións do verán, volví para o estudo e, da man dun dos grandes deportistas que deu Lugo (futbolista, baloncestista, grandísimo colocador de voleibol...), José Peleteiro Bandín, pai de Jota, o popular futbolista actual do Aston Vila (creo que acaban de dar a noticia de que vén cedido para o Alavés), cheguei ó Sant Yago Oje cadete... Teño que aclarar diante de nada que, por aquel entón, eu non tiña idea do que significaba noutros ámbitos a tal OJE (Organización Juvenil Española, ligada á Falanxe); para min era o mellor equipo de fútbol da cidade, despois do Estudiantes, e de voleibol, no que tamén cheguei a xogar. Adestrador: Juan Álvarez Renda, unha institución no fútbol de base local da época. Canto lle queríamos, era o noso segundo pai! Grazas sempre, Juan Álvarez Renda! Subcampións de Liga e campións de copa... Pero vaia malleira nos deu o Calasancio de Monforte na fase provincial! 6-0! Paz, Castro-Martínez, Zunzunegui, Peleteiro, Abeledo, Héctor, Quique... Titular en todos os partidos... A cousa non ía mal. O Real Madrid xa quedaba algo máis preto... Aínda así, eu sabía ben que non rendía nin a metade do que o podería facer... Maldita inseguridade... maldita timidez... malditos complexos!

Xa era futbolista! E Cordido chamoume para xogar co Estudiantes escolar, a selección do Masculino (Paz, Pedreira, Peleteiro, Quique, Keita... estes dous últimos, despois, xogadores do C. D. Lugo). Campións provinciais, fase de sector en Luanco, Asturias. Quedamos de terceiros. Pero eliminados...

Un novo verán en Navia. Partidos diarios entre os castiñeiros de As Veigas e gran partido nas Festas Patronais contra A Fonsagrada. Xogar no equipo dos maiores fora tamén un grande motivo de alegría.

E comezou o seguinte curso. E xa era xuvenil... Tendo como valedores a Renda e a Peleteiro, cheguei ó Iris de Magoi xuvenil. Adestrador: unhas veces, Julio (non lembro o apelido) e outras, Juan. Mal “rollo”... Presidente: Alejo. Que tempos...! A señora sufridora daquel presidente, de cuxo nome non consigo lembrarme, do da señora, lavaba as camisetas, os pantalóns, as medias e as botas de todos os xogadores dos equipos de xuvenís e de modestos na súa casa. Todas as semanas de case todo o ano (as camisetas, e o resto, tiraban varias ligas). E, por riba, aquela presidenta preparábanos uns termos con *carajillo* para quentarnos nos descansos dos partidos, termos que Alejo carrexaba, xunto coa vestimenta, nunhas enormes cestas de vimbio, dende Magoi ata o Polvorín, no maleteiro do seu coche. Isto dígoo aquí e agora, que xa prescribiu o delito; daquela era un segredo que non podía saír do vestiario, ninguén podía saber que ganabamos, todos os partidos que ganabamos, nas segundas partes, e grazas ó estímulo extra dos carajillos... Menos mal que por aquel entón aínda non inventaran o control antidoping... Porén, a augardente do *carajillo* da santa muller de Alejo non sempre debía ser legal, pois perdíamos case tantos partidos como ganabamos... Ou máis... Ou tamén pode ser que os *carajillos* dos contrarios fosen de coñac, ou de güiski... Talvez... Outramente, ducharse en auga semiconxelada ó acabar os partidos naquelas casetas-cortello era cousa de machos... O peor era dos que non o eramos... Si, había moito machismo naquel tempo... Ai... Repasando

nos recortes de prensa, recuperei estes nomes: Paz, Peleteiro, Castro, Pena, Félix, Pepín, Pedraz, Michel, Pejerto, Abeledo, Chirlis... Pájaro, Silvarrey, Luís, Varela, Quintana, Renda... Naquel campo-pantano daquel Polvorín de terra e grava, poñerlle a cabeza ó balón (vello e enchoupado de auga noxenta máis das veces), despois do lorchazo cara ó ceo que lle zoscaban os porteiros ó sacaren, era todo un acto de heroicidade; quedabas, un pouco, lelo, a velas vir, e botando chispiñas polos ollos... Nos días de moita choiva, boa parte do campo era unha piscina e os extremos, cando lles saían ó corte os laterais con certa contundencia (eufemismo) -algo normal, por outra parte, no Maracaná de Montirón-, os extremos -dicia- facían surf descontrolado e non paraban ata petaren no pau da valla perimetral, que non era de pau, que era de ferro...

Certamente, fichar polo Iris de Magoi acabou sendo o meu maior logro como futbolista. Dous anos en categoría xuvenil... Mesmo cheguei a xogar algúns partidos de modestos sendo xuvenil... Sempre dependía de quen dese a aliñación... Era curioso aquilo de ter dous adestradores... Tamén hai que dicir que adestrar, o que se di adestrar, non adestrabamos... Só decidían quen xogaba en cada partido. Cando coincidían os dous na caseta... vaia lea! Se daba o once titular Juan Renda, tiraba dos xogadores que el subira do Sant Yago Oje, entre eles, eu; se o daba Julio, botaba man doutros... Cousas da vida, que diría Castelao... E as cousas reviráronse... Diante da pouca continuidade na titularidade, dei en perder a fe... O interese polo fútbol comezou a deixar de ser prioritario... A aquelas alturas da película, xa comezara a “coquetear” co voleibol e a miña carreira de futbolista entrou en decadencia... A realidade comezou a abrimme os ollos e funme decatando de que o de xogar no Real Madrid fora unha ilusión, un soño... Un efémero soño...

Á volta duns anos, xa por entretemento, volvínxo xogar cuns amigos nun equipo de fútbol sala chamado Tucos. Eramos moi malos, pero moi arroutados; tanto que, no canto de pasármonos á liga de veteranos, seguimos xogando nunha liga de mozos e, ó contrario ca no Iris de Magoi, no que, grazas ó *carajillo* dos descansos, nos medrabamos nas segundas partes; no Tucos, nas segundas partes caíannos unhas tundas de moita vergonza balompédica: 8, 9, 10... e ata 18 balóns teño sacado da portería; porque, para daquelas, reconvertérame en porteiro, a miña primeira vocación futbolística de neno...

O caso é que, aló polo 2006, celebrouse o 60 aniversario da fundación do Iris e, naquel xantar de confraternidade e de recontar batallas mil veces xa contadas, atopeime con xente das letras... Fixádevos: Paco Martín, Isidro Novo, Tom Pedraz... Todos eles foron xogadores do equipo de Magoi; por riba, Antón Castro, membro destacado de Fuxan Os Ventos. E igual esquezo a alguén por descoñecemento... Si, oístes ben: Paco Martín e Isidro Novo, o benquerido e lembrado amigo de moitas das persoas que aquí nos atopamos e condutor desta feliz iniciativa chamada Letra das Festas, ambos os dous, foron xogadores do Iris de Magoi. Como eu son un case nada máis novo, non cheguei a compartir vestiario con eles e tardei en ter coñecemento do tal acontecemento. Cómpre dicir, xa que logo, que, ó longo da súa historia, o Iris de Magoi non acadou moitos campionatos, se é que acadou algún; ora ben, poucos equipos da cidade amurallada poderán presumir de que defenderon as súas cores dous dos mellores escritores en lingua galega que Lugo deu. Por iso, os do Iris podemos dicir: *“A copas ganaredes, pero a contos, e a cantos, non!”*

En fin... esta podería ser a crónica pseudobiográfica aproximada dun futbolista frustrado... Ou a crónica dun *lorchante* chamado Iluso...

Certamente, aquel era outro fútbol... Os equipos eran a expresión deportiva dunha comunidade... Case todos os barrios tiñan o seu: Chanca, Sagrado Corazón, Fervedeira, San Lázaro, Milagrosa, San Antonio, Saamasas... Mesmo no fútbol profesional había certa identificación... Eu lembro un Lugo con varios xogadores da provincia: Charli, Cabo, Laxosa, Galán, Keita, Quique, Manolo Meilán (tristemente falecido cando apuntaba moi alto no mundo do fútbol), Xeadá, Edrosa... E tantos outros, só cito algúns da miña época. Agora o deporte

evolucionou a unha sorte de negocio-espectáculo no que os sinais de identidade quedan relegados a un plano moi secundario... Mesmo na canteira xa priman valores extradeportivos... Dende xa hai anos, non vou ós partidos do Lugo, non coñezo os xogadores nin os *díxomedíxomes* que xeran. De cando en vez, vexo algún partido na televisión; porque si que me segue a parecer, o fútbol, unha forma de expresión artística, coma calquera outro deporte. O que chegan a facer Mesi, Ronaldo e outros grandes xogadores cun balón podería considerarse arte tamén, claro que si. Mais... os camiños da vida, que dixo aquel gran home, leváronme a embarcarme noutras singraduras. E o fútbol, que tanto significara naqueles días do meu existir, pinta xa ben pouco na miña paisaxe vital actual.

E xa só me queda lembrar unha cousiña cousa que esquecín no relato; lembreino agora, ó falar do Club Deportivo Lugo daquel meu tempo de xogador. A pesar da miña escasísima memoria, teño bastante vivo o recordo de cando acudía ó vello Ángel Carro. Deixara de vivir na rúa Ourense e asentara en San Roque, preto da capela e do xardín do mesmo nome. Ata alí viña buscarme Peleteiro -sempre Peleteiro; grazas a feixes, amigo e compañeiro- para irmos ver o Lugo. Cartos non había, pero como ós xogadores de categorías infantís e xuvenís nos daban entradas gratis, non perdíamos a ocasión. Si, eu, que na actualidade non consigo reter nin os nomes de persoas coas que me relaciono acotío, aínda lembro algúns nomes de xogadores daquel Lugo... Dosi, Fariña, Álvarez, Tapia, Devesa, Uriarte, Novo, Hidalgo, Domínguez, Díaz... Hai que ver! Que caprichosa é a memoria! Xente bárdega aquela; aínda que tamén dotada de fundamentos técnicos notables, como era o caso de Iriarte, que tiña un porte moi elegante e un toque exquisito; ou, incluso, Devesa, quen, igualmente, aloumiñaba a pelota con tenrura e tino. Tamén lembro que, dende a perspectiva daquel neno que fun, ir dende San Roque ata o Ángel Carro parecíame coma ir á fin do mundo... Hai que ver... Como cambian as realidades en función do paso do tempo... De neno, e aínda de non tan neno xa, pensei que aquel rapazolo iluso que só sabía dar lorchas e *punteiros* a un balón podía chegar a xogar no Real Madrid... Xa o dixo aquel outro señor: “Y los sueños... sueños son!”.

Grazas! Bo San Froilán teñamos, malia o Covid 19. A falta de polbo, que outros *polvos* e a saúde nos acompañen!

(Toño Núñez, polo **Letra das Festas** do San Froilán de 2020)